



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2025/E001/000004. SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO, DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025”.

ACTA DA REUNIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR POLO QUE SE RESOLVEN AS ALEGACIONES Á BAREMACIÓN DA FASE DE CONCURSO DO PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA TRABALLADORA SOCIAL A XORNADA COMPLETA DURANTE SEIS MESES.

Reúñese o tribunal de selección, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 173/2025 de 29 de maio de 2025 para proceder á resolución das alegacións presentadas á baremación da fase de concurso do proceso de selección dunha traballadora social a xornada completa durante seis meses, de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 139/2025 de 7 de maio de 2025, publicadas no BOP número 89 de 13 de maio de 2025.

Lugar: Salón de Plenos da Casa Consistorial

Día: 13 de xuño de 2025

Hora de comezo: 8.15 horas

Hora de remate: 9.00 horas

Procédese á análise das alegacións presentadas polo aspirante Francisco Javier Gómez González con DNI ***8633** sobre a valoración de méritos realizada polo Tribunal o día 2 de xuño de 2025 e procédese á resolución das mesmas, conforme ao seguinte:

Primeiro. Valoración dos cursos de 20 a 49 horas nos que alega que deberían de computárselle nove (9) cursos e non oito (8) como fixo o Tribunal.

Resposta á alegación:

O tribunal realizou a valoración dos cursos de conformidade co establecido na Base 9 b) que establece de xeito textual o seguinte; *Cursos relacionados coas funcións a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados e/ou impartidos polos Colexios Profesionais, Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.*

Polo que o Tribunal dos novo cursos referidos por vostede, non considerou o curso “Voluntariado Ambiental e Patrimonio” porque ao seu xuízo non está relacionado coas funcións propias do posto.

Resolución: **Desestímase á alegación.**

Segundo. Valoración dos curso de máis de 100 horas.

O alegante relata seis cursos: Inglés, Monitor Sociocultural, Deseño de Itinerarios de Inserción Sociolaboral para persoas con necesidades de Apoyo, Traballo social con poboación reclusa, Acompañamento social a colectivos en situación de dependencia e Docente da formación profesional para o emprego.

Resposta á alegación:

O tribunal realizou a valoración dos cursos de conformidade co establecido na Base 9 b) que establece de xeito textual o seguinte; *Cursos relacionados coas funcións a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados e/ou impartidos polos Colexios Profesionais, Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.*

O Tribunal non considerou puntuables, porque ao seu xuízo, os cursos: Inglés, Monitor Sociocultural e Docente da formación profesional para o emprego por non estar relacionados coas funcións propias do posto.

Resolución: Desestímase á alegación.

Terceiro. Contratos laborais, achegando certificación da empresa e vida laboral no intre de presentación de instancia e documentación, achegando agora co escrito de alegacións os contratos. Manifesta o alegante *que non se deu prazo para subsanar isto e sempre se tería que entender como presentada esta parte en caso de só aceptar os contratos, pois a vida laboral foi entregada e debería darse prazo para subsanar.*

Resposta á alegación:

O tribunal realizou a valoración da experiencia profesional de conformidade co establecido na Base 9 a) que establece de xeito textual o seguinte: *Os méritos a que se fai referencia neste baremo, deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia.*

Experiencia profesional nos últimos quince anos como Traballador/a Social en entidades privadas, ata un máximo de 25 puntos. Valorarase a razón de 0,14 puntos por mes completo de servizos. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos (Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sen os contratos correspondentes).

O propio alegante recoñece no seu escrito que non presentara os contratos coa presentación da instancia, senón a vida laboral e o certificado de empresa, polo que incumpre o establecido nas bases, xa que consta de xeito claro e conciso que serán valorados así mesmo, só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia e que para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar modelo oficial de vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación nesta alínea será de 0 puntos (Non se valorarán os méritos si os contratos non veñen acompañados da vida laboral ou si se presenta a vida laboral sen os contratos correspondentes).

Polo que o alegante incumpriu ambas premisas, non presentar a documentación coa presentación de instancias e non presentar os contratos tal e como establecían as Bases, polo que resulta evidente que non era unha documentación susceptible de subsanación.

Resolución: Desestímase á alegación.

Unha vez resoltas as alegacións á baremación da fase de concurso do proceso de selección dunha traballadora social a xornada completa durante seis meses, o Tribunal acorda:

Primeiro. Manter as puntuacións outorgadas na sesión celebrada o 2 de xuño de 2025 en cada un dos apartados obxecto de valoración a Francisco Javier Gómez González.

Segundo. Dispoñer a publicación desta Acta, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello.

Terceiro. Elevar a presente a Alcaldía.

E sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión da que se estende esta acta. Como secretario dou fe e que é asinada electronicamente polos membros do Tribunal.